



BOP

VENRES, 19 DE ABRIL DE 2024

N.º 091

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE MARZO DE 2024

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8 de abril de 2024, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de MARZO de 2024, por un importe total de 6.091,95 Euros.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en periodo voluntario do Prezo Público do Servizo e periodo indicado, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no BOP, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos, de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria. Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 15 de abril de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1052

FOLGOSO DO CUREL

Anuncio

Expediente núm.: 223/2023

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Proceso selectivo para a cobertura, con carácter definitivo e en réxime de propiedade, dunha praza de Auxiliar Administrativo

DECRETO DE ALCALDÍA

Por DECRETO 2023-0212 de data 18/07/2023 convocáronse as probas selectivas do proceso selectivo para a cobertura, con carácter definitivo e en réxime de propiedade, dunha praza de Auxiliar Administrativo pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda libre.

Rematadas as probas selectivas que conformaron o proceso, en data 26/03/2024 elevouse á ALCALDÍA proposta de nomeamento en favor do aspirante que acadou a maior puntuación no proceso, constatada a renuncia presentada polo primeiro aspirante proposto.

Verificada aconcorrenza dos requisitos esixidosna persoa aspirante proposta, procede, con este acto, efectuar o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, en base ao recollido no artigo 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, polo que, polo presente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear como funcionario de carreira da Escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, a DIEGO ALFREDO DO PICO FURELOS, con NIF nº ***1338**,

SEGUNDO.- Publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello. Unha vez publicado o nomeamento no Boletín Oficial de la Provincia a persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de un (1) mes.

Folgo do Courel, 15 de abril de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, DOLORES CASTRO OCHOA.

R. 1053

O INCIO

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DE SEIS PRAZAS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (OEP EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DO INCIO.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE nº 57, de data 05/03/2024), ao abeiro do punto 5º das bases que rexen o proceso selectivo (publicadas integramente no B.O.P. de Lugo nº 298, do 30/12/2022), por Decreto de Alcaldía de data 15/04/2024 aprobouse a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de 6 auxiliares de axuda no fogar polo sistema de concurso:

- Relación de aspirantes admitidos/as:

Nº rexistro	Apelidos e Nome	DNI	Acreditación do nivel de galego
2024-E-RC-394	Moscoso Fernández, Mª José	***7320**	SI
2024-E-RC-399	López De La Fuente, Mª Luisa	***6913**	SI
2024-E-RC-401	Souto Sampedro, Mª Eugenia	***2421**	SI
2024-E-RC-470	López García, Tania	***8308**	SI
2024-E-RC-475 2024-E-RC-476	Corujo Armesto, Avelina	***6135**	SI
2024-E-RC-479	Fernández Santos, Rosa Paula	***0191**	NON
2024-E-RC-488	López Pérez, Marta	***7481**	SI
2024-E-RC-492	Armesto Pérez, Elvira	***5799**	NON

- Relación de aspirantes excluídos/as:

Nº rexistro	Apelidos e Nome	DNI	Motivo da exclusión	Acreditación do nivel de galego (non excluínte)
2024-E-RE-68 2024-E-RE-69	Fernández Rey, Thais	***5824**	- DNI non autenticado. - Anexo II de solicitude sen asinar. - Permiso de conducir non autenticado. - Non presenta titulación esixida no Anexo I (presenta unha	- Título CELGA non autenticado (de non presentalo autenticado deberá realizar proba de galego)

			titulación admisible que indica un "aproveitamento parcial" ao non ter todos os módulos cursados).	
--	--	--	--	--

De conformidade co punto 5 das bases do proceso selectivo, concédese o prazo de dez (10) días hábiles dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo, para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

O Incio, 15 de abril de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1054

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (OEP EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DO INCIO.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE nº 56, de data 04/03/2024), ao abeiro do punto 5º das bases que rexen o proceso selectivo (publicadas integramente no B.O.P. de Lugo n.º 298, do 30/12/2022), por Decreto de Alcaldía de data 15/04/2024 aprobouse a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de 1 auxiliar de axuda no fogar polo sistema de concurso-oposición:

- Relación de aspirantes admitidos/as:

Nº rexistro	Apelidos e Nome	DNI	Acreditación do nivel de galego
2024-E-RC-442	Pérez Rego, Begoña	***4544**	SI
2024-E-RC-471	López García, Tania	***8308**	SI
2024-E-RC-477	López Vázquez, Fe	***5684**	SI
2024-E-RC-493	Armesto Pérez, Elvira	***5799**	NON

- Relación de aspirantes excluídos/as:

Non hai.

De conformidade co punto 5 das bases do proceso selectivo, concédese o prazo de dez (10) días hábiles dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo, para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

O Incio, 15 de abril de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 1055

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0074, de 1 de marzo de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de FEBREIRO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil novecentos trinta e cinco euros con quince céntimos (3.935,15 €) correspondendo mil cincocentos trinta e tres euros con noventa e cinco céntimos (1.533,95 €) a dependencia e dous mil catrocentos un euros con vinte céntimos (2.401,20 €) a libre concorrancia.

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0094, de 3 de abril de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de MARZO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil oitocentos sesenta e tres euros con oitenta e seis céntimos (3.863,86 €) correspondendo mil cincocentos dezaioito euros con corenta e

seis céntimos (1.518,46 €) a dependencia e dous mil trescentos corenta e cinco euros con corenta céntimos (2.345,40 €) a libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que os Padróns poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos Padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 3 de abril de 2024.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1056

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

NOMEAMENTO FUNCIONARIA DE CARREIRA:

Concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal dunha Administrativo Contable, segundo a convocatoria publicada no BOP de Lugo en data 25 de maio 2022, por Decreto de Alcaldía Núm.2024-0137, de data 15/04/2024 procedeuse ao nomeamento como funcionaria de carreira de:

APELIDOS E NOME	DNI
López López, Lucía	***4240**

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido la Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de abril de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1060

Anuncio

NOMEAMENTO FUNCIONARIA DE CARREIRA:

Concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal dunha Técnico Auxiliar, segundo a convocatoria publicada no BOP de Lugo en data 25 de maio 2022, por Decreto de Alcaldía Núm.2024-0134, de data 12/04/2024 procedeuse ao nomeamento como funcionaria de carreira de:

APELIDOS E NOME	DNI
García Vilelo, Susana	***5172**

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido la Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia.

Pedrafita do Cebreiro, 15 de abril de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1061

Anuncio

Concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal dunha praza de Traballadora Social, segundo a convocatoria publicada no BOP de Lugo en data 25 de maio 2022, por Decreto de Alcaldía Núm.2024-0130, de data 11/04/2024 procedeuse ao nomeamento como persoal laboral fixo de:

APELIDOS E NOME	DNI
Fernández Aira, Elvira	***4197**

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido la Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia.

Pedrafita do Cebreiro, 12 de abril de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1062

Anuncio

Concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local , segundo a convocatoria publicada no BOP de Lugo en data 25 de maio 2022, por Decreto de Alcaldía Núm.2024-0131, de data 11/04/2024 procedeuse ao nomeamento como persoal laboral fixo de:

APELIDOS E NOME	DNI
Pérez Méndez M. ^a Trinidad	***7906**

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido la Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia.

Pedrafita do Cebreiro, 12 de abril de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1063

SARRIA

Anuncio

Por acordo plenario de data 04.04.2024 aprobouse inicialmente o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Sarria

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Sarria, 12 de abril de 2024, O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1064

Anuncio

Por acordo plenario de data 04.04.2024 aprobouse inicialmente o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carne.

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Sarria, 12 de abril de 2024.- O PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1065

VILALBA

Anuncio

Desafectación das Vivendas de Mestres en Rúa Cuart de Poblet de Vilalba. Expte. 1652/2024

Aprobada inicialmente a desafectación do edificio das "Vivendas de Mestres" sito na Rúa Cuart de Poblet de Vilalba, para deixar de estar afecto a un uso ou servizo público de educación e pase a ser ben patrimonial do Concello de Vilalba, segundo o acordo que adoptou o Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada en data 4/04/2024, de conformidade co establecido no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado/a nas dependencias municipais para os efectos de que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

Vilalba, 15 de abril de 2024.- A alcaldesa, Marta M^a Rouco Seoane.

R. 1057

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES O ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA EL DESARROLLO DE ACTUACIONES EN EL ÁMBITO DE LOS SERVICIOS SOCIALES Y DE LA INCLUSIÓN SOCIAL EN EL AÑO 2024

BDNS (Identif.): 754845

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/754845>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán ser beneficiarias de las subvenciones reguladas en las presentes bases las entidades de iniciativa social a las que se refiere el artículo 30 de la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, que realicen actividades o desarrollen proyectos de interés social para el municipio en el ámbito de los servicios sociales y que soliciten

subvención con cargo a esta convocatoria y reúnan a la finalización del plazo de presentación de solicitudes los requisitos de acceso establecidos en la base 2ª y las condiciones reguladas en las bases.

Segundo. Objeto

Serán objeto de subvención el desarrollo de actividades y proyectos de carácter social que tenga como personas destinatarias últimas cualquiera de los colectivos de las distintas áreas de actuación propias de los servicios sociales primando aquellos colectivos de personas que por razón de índole económica, de salud o concurrencia de circunstancias sociales, étnicas o culturales sufran especiales dificultades respecto de la generalidad de población de precisen de una atención específica para garantizar el acceso a calidad de vida y participación social

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 12.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia y en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS)

MONFORTE DE LEMOS, 15 de abril de 2024.- EL ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 1058